

Nesta recesión teatral, escribirei sobre a obra teatral “Shakespeare para ignorantes” dirixida por Quico Cadaval coa colaboración da compañía teatral galega Mofa e befa, en concreto, na acontecida no teatro de Barbadás en Ourense, Galicia.

O principal obxectivo da obra é ensinar e explicar as obras de William Shakespeare e máis concretamente nos personaxes secundarios pero nun papel de primeiro plano e tamén o significado das frases e obras de Shakespeare entorno aos asasinatos e con referencias a sociedade de hoxe en día.

A interpretación dos personaxes é moi boa debido a que acabas aprendendo moito sobre o mencionado anteriormente, na miña opinión e grazas ao ton humorístico que lle engaden. E tamén hai un uso do humor que non toda a xente comprendería xa que son necesarios certos coñecementos sobre a literatura.

A produción é moi sinxela pero adecuada, non teñen grandes decorados do escenario nin apoios como sons pero a posta en escena é suficiente para conseguir a finalidade da obra.

En conclusión, non son unha persoa moi interesada polo teatro pero a verdade é que esta obra sorprendeume para ben, apréndese moito e dunha forma diferente as que estou acostumado a ver, trátase dunha forma cómica que moi poucas persoas serían quen de conseguilo. Recomendo a obra a todo o mundo, tanto para vela só, con amigos ou coa familia.

VALORACIÓN:

